



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/92/2012	CONXI086
1Q132H2A4M3Z095U17ES	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Sala de Xuntas, ás dez horas do día 11 de xullo de 2013, constitúese a Mesa de Contratación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de "Xestión de aula CEMIT de imparticións de acción formativas na zona rural", quedando integrada por:.

Preside o acto: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente.

Secretario: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

Vogais: D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Municipal; Dna. Pilar Suanzes Hyde Secretaria Accidental; D. Manuel Rodríguez Alvarez, Técnico de Información e Comunicación e Dna. María José Rodríguez Porto concelleira delegada de novas tecnoloxías.

A Mesa porcede a analizar a documentación presentada polas empresas co seguinte resultado:

PROPOSICIÓN Nº1.- Centro de Formación MYR-MUY PARTICULAR S.L. non acredita a solvencia técnica e a financeira non declara a cifra de negocios dos tres últimos anos so do último. Non presenta compromiso de adscrición de medios persoais e materiais suficientes ao contrato.

PROPOSICIÓN Nº 2.- GALMANDER S.L. Non presenta escritura de constitución, nin poder banstaneado, nin solvencia e por último tampouco presenta compromiso de adscrición de medios persoais e materiais.

PROPOSICIÓN Nº 3.- MOVE Servicios de Ocio y Deporte S.L.. Non presenta declaración sobre o volume de negocios dos tres últimos anos e no referente a solvencia técnica so presenta dous traballos relacionados co obxecto do contrato no ano 2012, cando o prego de cláusulas particulares esixe tres. Así mesmo tampouco presenta compromiso de adscrición de medios.

PROPOSICIÓN Nº 4.- Hércules Formación S.L., a empresa licitadora non presenta escritura de constitución, nomeamento de administrador, copia do D.N.I. nin copia do CIF.

PROPOSICIÓN Nº 5.- Gestión y Asistencia Técnica de Formación S.L. (GATFOR S.L), presenta unha declaración global da cifra de negocios dos tres últimos anos, non tanto, para ter un coñecemento exacto da solvencia do licitador deberase solicitar unha declaración que conteña cifra de negocios anual dos tres últimos anos.

PROPOSICIÓN Nº 6.- Telemática Galicia S.L. presenta dos informes de entidades financeiras para acreditar a súa solvencia económica, cando o prego de condicións esixe unha declaración da cifra global de negocios dos tres últimos anos, por outra anda tampouco presenta un compromiso de adscrición de medios persoais e materias ao contrato.

PROPOSICIÓN Nº 7.- INPREGA S.C., non presenta un compromiso de adscrición de medios persoais e materias esixido polo prego de condicións no seu anexo I no seu apartado 12. En relación coa solvencia empresarial que o licitador non presenta, temos que sinalar que si a causa da non presentación desta documentación é a escasa vida da mercantil, débese estar ao disposto no artigo 75.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, que di: "Se por unha razón xustificada, o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas,



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

autorizáraselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación"; en referencia á solvencia técnica o artigo 78 establece "Nos contratos de servizos a solvencia técnica ou profesionalpoderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:..."

PROPOSICIÓN Nº 8.- ARA Negocios S.L., presenta unha declaración sobre a cifra global de negocios do ano 2012, cando o prego esixe dos tres últimos anos e a empresa foi constituída en decembro de 2010, polo que se debería incluír nesta declaración a cifra relativa ao 2011, tamén no que se refire a acreditación da solvencia non presenta relación de traballos efectuados como esixe o prego se non unha simple declaración xenérica, por último non presenta compromiso de adscrición de medios persoais e materias.

As ofertas presentadas polas empresas PROSEM e ORBERE, non foron abertas o ser presentadas fora da hora indicada no anuncio oficial publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 6 de xuño de 2013.

Pola Mesa de contratación acórdase conceder aos presentadores das proposicións 1,2,4,5,6,7 e 8 un prazo de tres días para que presenten na Sección de Contratación os documentos precisos para a súa subsanación correspondente, de non presentarse a documentación esixida, esta fose errónea ou non cumprise co establecido no prego de condicións, estas non serán admitidas.

Por outra banda acórdase a non admisión das ofertas presentadas fora de prazo e a número 3 correspondente a MOVE Servicios de Ocio y Deporte S.L., por non acreditar suficientemente a súa solvencia técnica.

Celebrarase unha nova sesión ao día seguinte hábil á expiración do prazo concedido para o arranxo de erros na documentación, co gallo de proceder a determinar as empresas admitidas á licitación e posterior apertura do sobre "C".

Sendo as once horas e quince minutos deuse por rematado o acto, do que como Secretario dou fe, na data indicada no encabezamento, estendéndose esta acta que asina en proba de conformidade o Sr. Presidente da Mesa.

Vº e Prace
O PRESIDENTE DA MESA